



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xestión de proxectos con PMBOK para persoal TIC

**GRUPO:** Cursos Convenios

**ÁREA:** Itinerarios formativos

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	CONVENIO	<b>HORAS:</b>	25
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2016
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	2

**DATA MATRÍCULA:** Do 08/03/2016 - 08:00h ao 17/03/2016 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O Obxectivo do curso centrase en que o alumnado coñeza os principais procesos e ferramentas aplicables á xestión de proxectos de desenvolvemento informático así como o vocabulario estándar máis empregado no mercado, e como os procesos e habilidades de xestión poden axudar a xestionar proxectos complexos nun contorno de desenvolvemento de aplicacións informáticas.

Os aspectos xerais a cubrir polo curso serán:

Coñecer os procesos principais da xestión de proxectos de desenvolvemento informático con PMBOK.

Entender como ditos procesos contribúen á mellora na xestión de proxectos.

Coñecer as principais ferramentas e habilidades que soporta a xestión dun proxecto.

Familiarizarse coas actividades clave que debe realizar un xefe de proxecto.

Proporcionar unha linguaxe común para falar de dirección de proxectos de desenvolvemento informático

Facer énfases nas habilidades máis relevantes asociadas ás actividades de xestión de proxectos.

### DESTINATARIOS

Preferencia a persoal informático funcionario ou laboral con destino actual na AMTEGA e que estea a realizar tarefas de dirección ou xestión de proxectos de desenvolvemento de aplicación informáticas. De non cubrir as prazas con este colectivo, poderá optar ao curso o resto de empregados públicos da Administración autonómica galega que no desenvolvemento das súas funcións empreguen sistemas TIC.

### PROGRAMA

Módulo 1: Marco conceptual da dirección de proxectos (5 horas)

O obxectivo deste módulo é fixar os conceptos base do que é un proxecto, como encaixan no ámbito de xestión das organizacións e, sobre todo, establecer unha linguaxe común. Os apartados a tratar son:

-Introdución a Xestión de Proxectos. Neste apartado presentaranse os distintos modelos de Xestión, que entendemos por proxecto e as principais habilidades que debe adquirir un xefe de proxecto e farase mención ás metodoloxías e estándares máis utilizados.-Que é un proxecto e a diferenza con outros modelos de xestión. -Proxecto na organización: Proxecto, Programa e Portfolio. -As responsabilidades dun Director de Proxecto. -Ciclo de vida dun proxecto: áxiles vs predictivos. -Diferencias entre ciclo de vida de proxecto, produto, operación e como se poden integrar. -A tripla restrición de todo proxecto.

Módulo 2: Procesos clave na dirección de proxectos (20 horas)

Neste módulo o alumnado coñecerá os procesos clave identificados por PMBOK 5ª edición para así poder realizar de forma efectiva a xestión de todo proxecto informático de desenvolvemento:

-O inicio do proxecto: O alumnado entenderá cando se inicia un proxecto e cales son os elementos e entregables clave durante esta fase. A formalización do proxecto é un punto clave xa que determinará en gran medida a súa evolución. -A planificación do proxecto: Xestionar un proxecto é algo máis que elaborar un cronograma. Gran parte do peso do director do proxecto centrase en determinar como deberá compararse o proxecto dende distintos puntos de vista. Que temos que facer? (alcance), Cando o temos que facer? (tempo), canto nos vai custar? (custo), que recursos

necesitamos? (recursos) e cales son os retos que nos podemos atopar? (riscos)

-A execución do proxecto: Unha vez fixado o obxectivo en detalle a labor dun director de proxecto é asegurar que o plan se executa e coordinar e dirixir o equipo asignado ata obter os entregables previstos. Neste punto a comunicación cobra especial relevancia para asegurar a correcta comprensión da situación do proxecto en cada momento.

-Seguimento e control: Xa temos claro o que imos facer, agora, como directores de proxecto, temos que asegurarnos que todo se está levando a cabo conforme ao planificado e en caso contrario do control do proxecto a través do proceso de control de cambios e control dos riscos identificados. A verificación e o control do alcance é un dos elementos máis relevantes xa que un dos factores que máis impacta nun proxecto é a variación do alcance inicial.

-Peche do proxecto: O proxecto non remata cando se entrega o produto. Hai unha serie de actividades relevantes que nos axudarán a entender que pasou no proxecto e identificar a boas prácticas que debemos aplicar nos seguintes, así como identificar as malas prácticas para tentar evitalas.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Critérios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008(DOG do 10).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO1

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 04/04/2016 a 02/05/2016

**NUM. PRAZAS:** 20

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

salón 2 pequeno do Centro de Innovación Cultural de Galicia (Cinc). Cidade da Cultura-Monte Gaiás-Santiago de Compostela

### SANTIAGO2

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 23/05/2016 a 20/06/2016

**NUM. PRAZAS:** 20

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

salón 2 pequeno do Centro de Innovación Cultural de Galicia (Cinc). Cidade da Cultura-Monte Gaiás-Santiago de Compostela